

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 01 DE XULLO DE 2022

### ASISTENTES

#### **Presidente**

Prada Rodríguez, Julio.

#### **Vicedecano e Coordinador de calidade**

Presedo Garazo, Antonio.

#### **Vicedecana e Representante da Administradora**

Arribas Álvarez, Carmen.

#### **Secretario**

Rodríguez Teijeiro, Domingo.

#### **Coordinadora de Grao**

Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz

#### **Coordinador do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural**

Pérez Losada, Fermín.

#### **PDI**

Barriocanal López, Yolanda

Campos Álvarez, Xosé Ramón

#### **Alumnado**

Domínguez Carrera, Lucía

#### **Membros da sociedade**

Díaz Naya, Rosa María

#### **DESCULPAN AUSENCIA**

#### **Colaboradora de Calidade**

López Díaz, María.

#### **Enlace de igualdade e**

#### **coordinadora do Mestrado en**

#### **Arqueoloxía e Ciencias da**

#### **Antigüidade (delega en decano)**

Reboreda Morillo, Susana

#### **PAS**

Rodríguez Bouzas, Josefa.

A comisión realízase de xeito telemático a través de Campus Remoto, na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o venres 01 de xullo de 2022, ás 10.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.-Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de abril de 2022.

2.-Informe do presidente.

3.-Validación, se procede, da planificación docente do Centro para o curso 2022-2023.

4.-Validación, se procede, do Plan de Promoción do Centro para o curso 2022- 2023 (DO 0202 P1).

5.-Validación, se procede, do PAT correspondente ao curso académico 2022- 2023 e da proposta de profesorado titor.

6.-Validación, se procede, do procedemento para o seguimento e control da docencia (R4 DO-0201 P1).

7.-Validación se procede, dos criterios de asignación de prácticas curriculares para o curso 2022-2023 (R1 DO-0204 P1).

8.-Asuntos de urxencia.

9.-Rolda de intervencións.

O decano dá lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que asisten e dos que desculpan a súa ausencia á sesión e que se relacionan á marxe desta acta.

## **1.-Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de abril de 2022.**

Apróbase a Acta por asentimento.

## **2.-Informe do presidente.**

O presidente informa dalgúns aspectos do novo regulamento do TFG, que aínda que non ten que pasar por esta comisión, considérase de importancia. Elaborouse un novo regulamento, xa aprobado en Xunta de facultade, para adaptármolos aos cambios na normativa da Universidade de Vigo en materia de confidencialidade cando o TFG se realice en entidades ou teña por obxecto aspectos que requiran de protección especial, algo que non é previsible que nos afecte en demasía.

Outras modificación si que teñen repercusións. *A primeira é un adianto (15 días) no inicio do proceso de inscrición do TFG* que ven derivado da necesidade de cumprir con suficiencia as horas en teoría asignadas a esta materia, pensando no alumnado do PCEO, que debe defender o seu TFG no primeiro cuadrimestre do sexto ano, mentres que os prazos anteriores estaban pensados en exclusiva para o alumnado do Grao que o defende no segundo cuadrimestre.

*A segunda afecta ao número máximo de TFG* que pode titorizar cada docente. Do máximo catro de nova asignación do anterior, pasase a seis coa intención de atender o incremento de alumnado nas últimas promocións e buscar un certo equilibrio entre unha dirección de calidade e as preferencias do alumnado.

E finalmente, *a terceira modificación*, persegue acomodar normativa e realidade fáctica. Ata o de agora a defensa do TFG era presencial, e só excepcionalmente a Comisión podía autorizar a súa defensa virtual. Elimínase esa cláusula para permitir a defensa virtual de común acordo por parte e estudante e titor ou titora, sempre que se garanta a defensa pública.

O presidente pide que conste en Acta o seu AGRADECIMENTO AO PROFESORADO CON ALUMNADO PIUNE, ESPECIALMENTE NO CASO de 1º Curso (Juan Castro conseguiu superar todas as materias), e, sobre todo, ao traballo desenvolto pola bolseira Sara Zas Rivas pola súa implicación e especial sensibilidade co alumnado. Engade que xa se solicitou que se lle renove a bolsa por entender que persisten as necesidades específicas de apoio educativo.

### **3.-Validación, se procede, da planificación docente do Centro para o curso 2022-2023.**

O presidente agradece o excelente traballo da prof. Beatriz Vaquero en todo o que implica a tarefa de actualización e revisión, tamén pola anticipación nos tempos, que permitiu celebrar esta comisión coa folgora necesaria despois de que lle fosen enviadas todas as guías docentes á Delegación de alumnado para a súa revisión.

A prof. Beatriz Vaquero agradece as palabras do presidente e sinala que cada ano é un pouco máis doado grazas ao traballo do profesorado, a quen agradece a súa capacidade para adaptarse ao establecido na Memoria do Grao. Engade que non foi posible incluír como coordinadores de materia a profesores que, sabemos, o van ser efectivamente porque o seu contrato está pendente de ser renovado. É o caso da Área de Historia da Arte, na que unicamente figura como coordinadora nas Guías a prof. Yolanda Barriocanal. Comunicará este problema a Calidade e confía en que, una vez resoltos os contratos, o cambio sexa automático e, de non ser así, en que se abrirá a aplicación para poder realizar os cambios precisos.

O presidente comenta que non é un problema que afecte so a esas áreas con profesorado contratado pendente de renovación. Outras áreas, como é o caso de Historia Contemporánea, teñen pendente profesorado que sairá das listas de agarda, polo que ese problema dos coordinadores se xeneraliza. Suxeriu ao Director do Departamento que algún profesor a tempo completo destas áreas aparecese como profesorado das materias pendentes, aínda que con 0 horas, para poder exercer a coordinación e tamén ter acceso a Moovi para preparar o curso virtual.

O prof. Fermin Losada sinala que o problema este ano é debido a que a práctica totalidade dos asociados non continúan co mesmo contrato e, en consecuencia, no POD non aparecen con nome e apelidos senón cunha clave. O problema xurde porque o sistema toma os datos do POD. Para evitar este problema, en tódalas materias dunha Área aparece como responsable un dos profesores a tempo completo. Para que se poida ter acceso a Moovi e en relación con outros aspectos da coordinación.

Valídase por asentimento a Planificación Docente do Centro.

### **4.-Validación, se procede, do Plan de Promoción do Centro para o curso 2022-2023 (DO 0202 P1).**

O presidente cede palabra ao prof. Antonio Presedo, quen informa que se trata dunha actualización do documento que se ven empregando en cursos anteriores, incorporando as novidades producidas, en especial, a incorporación de actividades de promoción do centro de cara ao vindeiro curso.

Destaca dúas novidades: a non celebración da V Olimpíada Galega de Historia que non foi posible organizar e que, no seu lugar celebráronse –co obxectivo de incrementar a visibilidade da Facultade en centros de secundaria e na sociedade en xeral– as Xornadas de Innovación Docente, que tamén teñen como destinatarios aos centros de

secundaria. Nos demais casos unicamente se actualizaron os prazos.

Validase por asentimento o Plan de Promoción do Centro para o curso 2022/23.

## **5.-Validación, se procede, do PAT correspondente ao curso académico 2022-2023 e da proposta de profesorado titor.**

Comenta o presidente que se manteñen os elementos esenciais de anteriores cursos, aínda que cambia a coordinación, asumida polo decano.

A nivel de funcionamento destaca como principal novidade a inclusión de dous titores específicos para o PCEO para atender a súa demanda, xa que ao cursar materias de varios cursos do Grao o alumnado sempre se atopa un pouco descolocado e ás veces non sabe moi ben a que titor ou titora acudir: un para 1º, 2º e 3º (prof. Antonio Presedo Garazo) e unha titora para 4º, 5º e 6º (prof. María López Díaz). Engade que tamén se producen algúns cambios na asignacións: para primeiro curso do Grao en Xeografía e Historia se incorpora o prof. Domingo Rodríguez Teijeiro, pasando o prof. Xosé Ramón Campos Álvarez a 4º curso; a prof. Beatriz Vaquero Díaz continúa en 2º curso e o prof. Julio Prada Rodríguez substitúe á prof. Susana Reboreda Morillo en 3º, que continúa como titora do Máster Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, ao igual que o prof. Adolfo Fernández Fernández no de Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

Valídase por asentimento o PAT correspondente ao curso 2022/23.

## **6.-Validación, se procede, do procedemento para o seguimento e control da docencia (R4 DO-0201 P1).**

O presidente cede palabra ao prof. Antonio Presedo Garazo, quen sinala que se trata do mesmo documento que se ven empregando en cursos anteriores, polo que unicamente se revisou e actualizou. De modo que o que se propón é validar a prórroga deste documento.

A prórroga procedemento é validada por asentimento.

## **7.-Validación se procede, dos criterios de asignación de prácticas curriculares para o curso 2022-2023 (R1 DO-0204 P1).**

Sinala o presidente que neste caso a novidade reside na necesidade de adaptarse ao novo Regulamento de Prácticas Externas da Universidade de Vigo, aprobado en Consello de Goberno o 29 de abril de 2021, que contempla que no procedemento de elección e adxudicación de prácticas, sempre que nas entidades colaboradoras estean aseguradas tanto as medidas de accesibilidade universal coma as referidas ao transporte para o traslado do estudantado, outorgaráselle prioridade ao estudantado con discapacidade. No documento sometido a validación engadiuse un último parágrafo que inclúe esta disposición.

Comenta o prof. Fermín Losada que no documento se indica que “no caso de que as solicitudes superen o número de prazas ofertadas para un mesmo centro, a Comisión

Académica realizará a asignación”, entende que o regulamento é válido para Grao e Máster, e puntualiza que “Comisión Académica” so existe nos Master. Algo que haberá que corrixir.

O profesor Xosé Ramón Campos sinala que no documento faise referencia a plataforma FAITIC, que debe trocarse por Moovi.

O prof. Domingo Rodríguez comenta que na revisión que se está a facer do Regulamento da Facultade para adaptalo ao novo Regulamento da Universidade estanse corrixindo cuestións como esta.

Sinala o presidente que, en calquera caso, é conveniente facer a corrección xa neste documento.

Valídase por asentimento os criterios de asignación de prácticas.

## **8.-Asuntos de urxencia.**

Non constan asuntos de urxencia.

## **9.-Rolda de intervencións.**

Non se producen intervencións.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10.30 horas do día 01 de xullo de 2022, da que eu como secretario dou fe, co visto e praxe do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro